



CONCELLO
DE MORAÑA

BANDO

DONA M^a LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través do Instituto de Maiores e Servizos Sociais- IMSERSO- convoca o **"PROGRAMA DE "VACACIÓNS PARA MAIORES" PARA A TEMPADA 2018/2019**, coas seguintes modalidades de viaxe:

- ZONA COSTA PENÍNSULAR (15,10, e 8 días) (Andalucía, Murcia, Comunidade Valenciana e Cataluña).
- ZONA COSTA INSULAR (15, 10 e 8 días) (Canarias e Baleares)
- TURISMO DE INTERIOR (dende 7 ata 3 días)

-REQUISITOS PARA ACCEDER Ó PROGRAMA:-Persoas con 65 ou máis anos, residentes en España.

-Pensionistas de Xubilación do sistema Público de Pensións.

-Pensionistas de viuvez e ter 55 anos cumpridos.

-Pensionistas de incapacidade, outros pensionistas do Sistema Público de pensións e prexubilados, ou perceptores de prestacións do subsidio de desemprego, en todos los casos con 60 anos cumpridos.

- Valerse por si mesmos e non presentar alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia nos hotéis, nin padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio.

Admitirase como acompañante ó cónxuxe ou parella de feito non sendo necesario que reúna os requisitos de idade e pensión.

Tamén porán participar os fillos/as con discapacidade, cun grao recoñecido igual ou superior ó 45%, sempre que esa discapacidade lle permita viaxar e o faga cos seus pais.

As solicitudes en modelo oficial, poderán recollelas na Oficina Municipal do Servizo Social Comunitario do Concello en horario de 9 a 13 horas, os días de atención ó público luns, martes e xoves.

O solicitante poderá uni-la súa solicitude o outra da mesma provincia, co obxecto de que poidan viaxar xuntos.

-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: A PARTIR DO 16 DE MAIO ATA O 14 DE XUÑO DE 2018

O que fai público para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

MARIA LUISA PIÑEIRO ARCOS (1 para 1)
A Alcaldesa
Data de Sinatura: 18/05/2018
HASH: f150aac205aa9cd042ba7ab01209b93f



Cod. Validación: 7G4C7F9FM025492G0QKYEH36D | Corrección: http://moraña.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1